Roger Dodsworth. O inglés reanimado

Mary Shelley

Tradución de Ana Vidal Castiñeiras

ATG
asociación de tradutores galegos

Mary Shelley

Roger Dodsworth. O inglés reanimado

Versión galega de Ana Vidal Castiñeiras

Como recordarán, o pasado catro de xullo[1] saíu nos xornais un artigo sobre o achado, hai uns vinte ou trinta anos, do corpo dun home que tiña a animación suspendida por mor do xeo. O corpo descubrírao o doutor Hotham de Northumberland[2] baixo a neve dunha avalancha nas proximidades do Monte San Gotardo[3] , cando volvía de Italia. Despois de aplicarlle os remedios habituais, o paciente reviviu e identificouse como o señor Dodsworth, fillo dun coleccionista de antigüidades finado no reinado de Carlos I[4] . Os xornais revelaban que quedara sepultado baixo a neve en 1654, cando contaba trinta e sete anos, mentres viaxaba dende Italia á súa Inglaterra natal. Ademais, engadían que, tan pronto como estivese recuperado, tiña intención de volver a Inglaterra baixo a protección do devandito doutor Hotham. Dende entón non volvemos saber del e todos os proxectos de darlle unha utilidade pública a este descubrimento, ideados por centos de mentes filantrópicas despois de ler o artigo, quedaron en nada. A sociedade de anticuarios xa conseguira apoios para concederlle algunha medalla e empezara a considerar os prezos que podían ofrecer polas súa roupa vella e incluso a facer conxecturas sobre os tesouros en forma de folletos, vellas cancións, ou cartas autobiográficas que os seus petos poderían conter. Había xa poemas a medio escribir por todas partes e de todo tipo (elexíacos, de felicitación, burlescos, alegóricos, etc.). Incluso o señor Godwin adiara a historia da Commonwealth que acababa de empezar por causa desta historia tan cercana. Xa é cruel que o mundo teña que pasar sen os dons con que o destino favoreceu ós grandes talentos deste país, pero éo aínda máis prometernos un novo tema de admiración romántica e interese científico para logo privarnos del. Unha idea nova é moi valiosa na trivial rutina da vida, pero un feito novo, algo abraiante, un milagre, unha desviación palpable do curso da natureza é unha circunstancia á que a imaxinación debe aferrarse tremendamente complacida. Repetimos que é cruel, moi cruel que o señor Dodsworth se negue a aparecer e que os que creron na súa resurrección teñan que sufrir as bromas e os argumentos triunfantes daqueles escépticos que sempre ven os lobos alén da serra.

Agora ben, nós non cremos que haxa nada de contradictorio nin de imposible nas aventuras deste remozado vello. Supoño que os fisiólogos estarán de acordo comigo cando digo que é tan posible suspender a animación durante cen ou douscentos anos coma por uns segundos. Un corpo selado herméticamente polo frío conserva necesariamente a súa forma primitiva sen que se lle poida engadir nin quitar nada, posto que se mantén totalmente illado da acción de calquera axente externo. Non se pode deteriorar, xa que algo nunca pode converterse en nada baixo a influencia dese estado que chamamos morte. É o cambio e non a falta de vida o que fai que os átomos corpóreos desaparezan da nosa vista. A terra e o aire aliméntanse deles, cada elemento toma o que é seu, recuperando pola forza o que nos emprestou. Pero os elementos que rodeaban a xeada mortalla do señor Dodsworth non podían salvar o obstáculo que esta presentaba. Nin a brisa podería arrincar un cabelo da súa testa, nin o orballo da noite ou o agradable amencer poderían penetrar a súa coiraza, dura coma un diamante.

A historia dos Santos Dormentes baséase nunha interposición milagrosa: estaban durmidos. O señor Dodsworth non estaba a durmir, o seu peito permanecía inmóvil, o seu pulso parado e os seus beizos selados pola man da morte, que non permitía que entrase nin un só sopro de aire. Pero finalmente o señor dodsworth conseguiu desfacerse da arrepiante sombra, conseguiu vencela e deixouna sen palabras, desfixo o xeado feitizo e ergueuse tan vivo coma cento cincuenta anos antes. Pola nosa banda, estabamos impacientes por coñecer algúns detalles das súas primeiras declaracións e por saber como se adaptou ao seu novo escenario vital. Pero, xa que non temos acceso á verdade dos feitos, ímonos permitir a licenza de facer conxecturas.

Podemos supoñer que as súas primeiras palabras serían similares ás expresadas por persoas expostas a experiencias parecidas aínda que máis curtas. Pero ao recuperar as súas facultades a cousa complícase. A súa aparencia xa causara admiración no doutor Hotham: a barba en pico, os bucles longos e as puntillas que ata entón permaneran ríxidos pola mestura de almidón e xeo. Parecía sacado dun dos retratos de

Vandyke[5] , ou, cunha imaxe máis familiar, vestido coma o señor Sapio na *Opera invernal do oráculo*[6] cos seus zapatos afiados: todo el parecía traído doutros tempos.

O doutor Hotham morría de curiosidade cando o señor Dodsworth estaba xa a piques de espertar. Pero para poder elaborar unha hipótese con certo grao de verosimilitude sobre a dirección que seguirían as súas primeiras preguntas debemos tentar entender que papel desempeñaba o señor Dodsworth na súa antiga vida. Viviu no período máis interesante da historia de Inglaterra. Cando el desapareceu deste mundo xa Oliver Cromwell[7] culminara os seus ambiciosos proxectos e a Commonwealth inglesa parecía tan sólida ós ollos de toda Europa que semallaba que ía durar para sempre. Carlos I morrera e Carlos II[8] era un proscrito, un mendigo, perdera todo, incluso a esperanza. O pai do señor Dodsworth, o antiquario –que recibira unha pensión do xeneral republicano Lord Fairfax, grande amante das antigüidades– morreu o mesmo ano que o seu fillo caeu no seu longo, aínda que non eterno, sono. Unha curiosa coincidencia xa que parece que o noso amigo volvía a Inglaterra despois da morte do seu pai, probablemente para reclamar a súa herdanza. ¡Que efémeros son os propósitos humanos! ¿Que foi do patrimonio do señor Dodsworth? ¿Onde están o resto dos herdeiros, testamentarios e legatarios? Debemos supoñer que a súa prolongada ausencia foi a causa de que os seus bens pasaran a mans dos actuais propietarios. Pasaron cento setenta anos desde que el desapareceu daquel axitado escenario, unhas mans tras doutras traballaron as súas terras para logo converterse en po debaixo delas. Permitímonos dubidar de que unha soa partícula da súa superficie sexa a mesma que a daquelas que habían de ser súas. Este novo solo rexeitaría de por si a caduca materia da que está feito aquel que agora o reclama como seu.

A xulgar pola súa estancia no estranxeiro, o señor Dodsworth non era un entusiasta da República de Cromwell. Incluso o feito de elixir Italia como destino da súa viaxe e o seu regreso a Inglaterra á morte do seu pai dan a entender que non era un acérrimo defensor do réxime. Semella ser (ou ter sido) un deses homes que non seguen o consello de Catón na *Farsalia* xa que aquel que pretende non tomar partido colócase nunha situación que Dante non nos recomenda en absoluto: o que intenta nadar entre dúas augas antes ou despois acaba afogando.

Aínda así, o señor Dodsworth a penas podería disimular a súa ansiedade por saber as últimas novas do seu país de orixe nun período tan decisivo da historia. Pode que a súa ausencia puxera en perigo incluso a súa propia herdanza. Polo tanto, imaxinamos que, en canto sentise o xubiloso retorno da circulación ós seus membros, en canto se refrescase con alimentos que nunca pensaría poder vivir para comer, en canto o informasen do perigo do que o rescataran e comezase a rezar unha oración extremedamente longa incluso para o doutor Hotham, dicíamos que imaxinamos que a súa primeira pregunta sería: –¿Hai algunha nova de Inglaterra?- Ao que ben podemos supoñer que o doutor Hotham lle contestaría: –Onte recibín algunhas cartas.

–¡Abofé, señor, que lle rogo que me conte calquera cambio para mellor ou para peor que ocorrera nese pobre país aloucado!– grita o señor Dodsworth.

O doutor Hotham considérao un radical e contéstalle friamente:

–¿Por que, señor? Sería difícil de dicir onde radica a súa loucura. Fálase de empresarios arruinados e de bancarrota, pero isto só son infamias que lle atribúen a un estado que goza dunha magnífica saúde. De feito, nunca Inglaterra viviu unha situación tan próspera.

O señor Dodsworth, cada vez máis certo de que o seu interlocutor é republicano e coa que supoñemos é a súa acostumada precaución, esquece por un momento o seu ideario político e pregunta nun ton moderado:

–Daquela, ¿o noso goberno non se preocupa por eses síntomas de excesiva saúde?– Ao que o seu protector contesta:

–Se se refire ós ministros cando di o noso goberno, o que lles pasa é que están demasiado preocupados polas dificultades temporais que vivimos.– Pregámoslle ao doutor Hotham que nos desculpe se nos confundimos ao facer del un conservador convencido. Consideración esta que se debe únicamente ao feito de ser doutor, que é o único dato que coñecemos sobre este cabaleiro. –Sería desexable –continúa– que se mostraran máis decididos e, canto ao rei, ¡Deus o bendiga!

–¡Señor! –exclama o señor Dodsworth.

O doutor Hotham continúa sen darse conta do excesivo asombro que mostra o seu paciente:

–O rei, que Deus o bendiga, está a gastar sumas inmensas do seu propio diñeiro para aliviar o sufrimento dos seus súbditos e toda a aristocracia e a clase alta de Inglaterra segue o seu exemplo.

–¡O rei! –berra o señor Dodsworth.

–Si, señor, o rei –replica o seu protector– e alédome de poder dicir que os inxustificados prexuízos que lamentablemente tiñan os ingleses con respecto á Súa Maxestade, con algunhas –engade con máis severidade– e aínda diría desprezables excepcións, convertéronse no cariño obediente e a veneración que o seu talento, as súas virtudes e os seus coidados paternais merecen.

–Señor, compráceme vostede, –responde o señor Dodsworth, mentres a súa lealdade ao rei, que ata entón era como un insignificante gromo, se desprega coma unha flor– case non o podo crer, este é un cambio tan repentino, e o home que... Carlos Estuardo, o rei Carlos podería chamarlle agora... confío que o seu asasino será castigado como merece.

O doutor Hotham tómalle o pulso temendo un acceso de delirio a xulgar pola forma en que se sae do tema. Comproba que o pulso é normal, pero o señor Dodsworth continúa a falar:

–Espero que ese malpocado mártir que nos contempla desde o ceo se compraza ao ver como o pobo venera o seu nome e prega pola súa alma. Creo que podo dicir sen medo a equivocarme que non hai un sentimento tan xeneralizado en Inglaterra coma o cariño e a compaixón que se lle profesa á memoria dese desventurado monarca. ¿E o seu fillo, que é agora o rei?

–Iso é imposible, seguramente non se acorda vostede, Carlos Estuardo[9] non tivo ningún fillo. Ningún descendente seu deten o trono inglés, lexitimamente ocupado pola casa de Hanover. A desprezable liñaxe dos Estuardo, proscritos e desterrados durante moito tempo, xa non existe. E os derradeiros días do último dos seus aspirantes ao trono xustificaron ós ollos de todo o mundo a sentencia que os expulsaba deste reino para sempre.

Así máis ou menos debeu ser a primeira lección de política para o señor Dodsworth. Pronto se revelaría, para asombro de protector e protexido, o estado real do caso. As tremendas e estrañas circunstancias do seu longo trance deberon poñer en perigo a cordura do señor Dodsworth durante un tempo. Cando cruzou o Monte San Gotardo choraba a morte de seu pai e agora todos os seres humanos que viu na súa vida están envoltos en plomo[10] , son po, todas as voces que oiu na súa vida están agora mudas. Incluso o son da lingua inglesa cambiou, como podería comprobar na súa conversa co doutor Hotham. Probablemente moitos dos imperios, crenzas e estirpes de entón se extenderían e outros desaparecerían. O seu propio patrimonio –xa sabemos que é inútil pensar niso agora, pero sen el ¿como vai vivir?– caeu nun profundo abismo que se abre cada vez máis ávido de engulir o pasado. Os seus coñecementos, todo o que aprendeu probablemente estará xa obsoleto.

–Debería seguir co traballo do meu pai e converterme en antiquario, –pensa para si cun amargo sorriso– xa que todos os obxectos, ideais e hábitos familiares da miña infancia son agora antigüidades.

Pregúntase que sería dos cento sesenta volumes manuscritos *in folio* que o seu pai recompilou, ós que de cativo lles profesaba unha veneración relixiosa. ¿Onde están, eh?, ¿onde están? ¿Que foi do seu compañeiro de xogos favorito, dese amigo da madurez, da fermosa rapaza destinada a ser a súa esposa? As bágoas que permaneceron tanto tempo conxeladas derreten agora e esvaran polas súas louzás, aínda que vedrañas, meixelas.

Pero non queremos parecer sentimentais. Seguramente, desde os tempos dos patriarcas non houbo ningunha moza á que o seu amante chorase tantos anos despois da súa morte. Pero a necesidade, a gran tirana do mundo, fai que o señor Dodsworth dalgún xeito se conforme co seu destino. Ao principio está convencido de que a raza humana empeorou moito, de que os homes actuais non son nin tan altos, nin tan ben parecidos, nin tan intelixentes coma os seus contemporáneos. Con todo, pouco e pouco empeza a dubidar da súa primeira impresión. As ideas que ocupaban a súa mente antes do accidente e que permaneceran tantos anos conxeladas comezan a se fundir e diluir, deixando sitio para outras.

Agora viste ao estilo moderno sen demasiadas queixas, non sendo polos colos e os sombreiros duros. Observa marabillado a textura dos seus zapatos e calcetíns, así coma un pequeno reloxo xenebrino que consulta a miúdo como se tivera que asegurarse de que o tempo pasa de forma normal; como se na súa esfera fose encontrar a proba ocular de que pasou de ter trinta e sete anos a ter máis de douscentos, de que deixou atrás o ano 1654 para atoparse de súpeto observando os costumes dos homes deste ilustrado século

XIX. A súa curiosidade é insaciable, os seus ollos non alcanza a ler coa rapidez que ansía a súa mente e, de cando en cando, atópase cunha pasaxe inexplicable, algún descubrimento familiar para nós pero inimaxinable na súa época, que o transporta a un estado de continuo asombro e fantasía. De feito, supoñemos que pasaría a maioría do tempo nese estado, interrompendo de cando en vez o seu pensamento cunha canción monárquica contra o vello Noll e os cabezas peladas[11] e calando bruscamente para mirar ao redor quen o está a escoitar, suspirando aliviado ao advertir a moderna aparencia do seu amigo o doutor e comprobar que a ninguén lle importa xa se canta cancións de cabaleiros ou salmos puritanos.

Sería imposible formular todas as ideas filosóficas a que podería dar lugar a resurrección do señor Dodsworth. Con todo, gustaríanos moito ter a posibilidade de conversar con este cabaleiro e, sobre todo, poder observar a súa evolución psicolóxica e os cambios que sufriría a súa forma de pensar nunha situación tan nova para el. De ser un mozo esperto, ávido por descubrir as marabillas do mundo, indiferente ás grandes preguntas da humanidade, probablemente se desprendería de seguida de calquera vestixio da súa vida anterior e trataría de fundirse de vez na corrente da humanidade actual. Sería cando menos curioso observar os erros que cometería e a mestura de diferentes actitudes que esa situación provocaría nel. Consideraría quizais a posibilidade de participar activamente na vida social, de entrar a formar parte do partido liberal ou do conservador segundo as súas inclinacións e de acadar un escano na que unha vez se chamou, incluso para el, capela de Saint Stephen[12] . Se cadra conformaríase con ser un filósofo contemplativo, quizais a tarefa de describir a evolución da razón humana e os cambios que se produciron no temperamento, desexos e capacidades do home sería distracción suficiente para a súa mente.

¿Crerá que a humanide progresou ou pola contra opinará que foi a peor? Seguramente quedou admirado dos empresarios dos nosos tempos, dos progresos da ciencia, a difusión dos coñecementos e o espírito emprendedor característico dos nosos paisanos. ¿Chegará a atopar algún día alguén que poida compararse cos homes do seu tempo? Moderado como supuxemos que é, probablemente cadrará ben no ambiente de contemporización tan de moda nos últimos tempos. Aledarase moito de encontrar algo de calma política, de atopar paz onde antes había disputas. Certamente estará entusiasmado co goberno que conseguiu conciliar a case todos os partidos. Será o mesmo carácter moderado que tiña hai un par de séculos o que o guiará nesta nova situación para seguir a ser o tranquilo, pacífico e comedido señor Dodsworth de 1647.

Aínda que a educación e as circunstancias poden dirixir e darlle forma ao substrato da mente, non poden crear nin dar intelixencia, aspiracións ou perseveranza ao que ten a estupidez, o servilismo e a veleidade impresos por natureza no seu carácter. Considerando esta idea –e deixando a un lado o señor Dodsworth por un momento– temos discorrido moitas veces sobre como actuaría tal ou cal heroe da antigüidade de renaceren nos nosos tempos e, unha vez esperta a curiosidade, chegamos a imaxinar que algúns deles renacían de verdade. Segundo a teoría que explica Virxilio na sexta *Eneida*, cada mil anos os mortos volven á vida e as súas almas, dotadas da mesma sensibilidade e as mesmas capacidades que antes, volven a este mundo espidas de todo coñecemento para revestir a esencia do seu ser coas roupas que a educación, a experiencia e as circunstancias lles proporcionarán. Cóntasenos que Pitágoras recordaba ter vivido el mesmo varias transmigracións deste tipo, aínda que para ser un filósofo tiroulle ben pouco proveito ás súas experiencias anteriores. De poderen recordala, esta sería unha experiencia moi instructiva para reis e estadistas e, de feito, para calquera persoa, xa que cada un debe representar o papel que lle toca neste escenario que é o mundo.

Deste xeito, se o segredo da nosa identidade anterior reside no noso propio corazón, poderíamos chegar a rozar o ceo ou o inferno ao contemplar con satisfacción ou espanto a gloria ou as culpas que recaen sobre o noso antigo ser. Se ben o anhelo de fama e recoñecemento póstumo é tan intrínseco ao ser humano coma o seu apego á propia vida, en tales circunstancias un estaría aterrorizado pola pegada que as súas glorias e miserias puideran deixar no rexistro da historia. O pacífico Fox[13] alegraríase ao recordar que desempeñou un papel tan importante coma o de Marco Antonio. De ter pasado polas experiencias anteriores de Alcibiades ou incluso as de Steeny[14] , o castrado de Xacobe I, é posible que Sheridan[15] non seguira outra vez o fascinante pero efémero camiño da xenialidade. A alma da nosa moderna Corinna veríase elevada e purificada ao tomar conciencia de que antes dera vida a Safo. Se neste momento á fada da memoria lle dese por facer que a xeración actual se decatase de que hai uns dez séculos eran outras persoas, moitos dos nosos mártires librepensadores non se sorprenderían ao saber que xa antes sufriran como cristiáns baixo o goberno de Domiciano. Mentres que o xuíz, ao ditar sentenza, caería na conta de que xa noutro tempo condenara a tortura ós santos da primeira igrexa por non renunciar á fe que el defende agora e de tal ordalía só podería resultar benevolencia e auténtica bondade. Se ben sería curioso ver como fachendeaban algúns grandes clérigos ao decatárense de que noutro tempo as súas mans sostiñan un cetro, un honrado artesán ou un criado ladroeiro considerarían que pouco cambiou a súa condición ao verse transformados nun nobre lacazán ou no director dunha empresa. Debemos supoñer que, de calquera maneira, os humildes sentiríanse eloxiados e os nobres e orgullosos verían o seu honor e o seu prestixio reducidos a quincalla ao recordar a

humilde posición que ocuparon noutros tempos. Se estivesen de moda as novelas filosóficas poderíase escribir unha obra extraordinaria sobre a evolución psicolóxica dunha mesma persoa en situacións e épocas diferentes.

E volvendo xa co señor Dodsworth, queremos engadir unhas cantas palabras máis para desexarlle sorte. Suplicámoslle que non permaneza oculto por máis tempo e, se por modestia rexeita toda publicidade, rogámoslle que nos dea a nós persoalmente a oportunidade de coñecelo. Temos centos de preguntas que facerlle, centos de dúbidas que aclarar e de feitos que esclarecer. Se teme que a súa aparencia extraña ou os seus costumes obsoletos nos parezan ridículos ós que estamos afeitos a tratar cos vaidosos personaxes modernos, asegurámoslle que non adoitamos mofarnos da aparencia externa e que sempre valoramos profundamente os méritos e virtudes intrínsecos das persoas.

Dicímoslle isto ao señor Dodsworth se é que aínda está vivo, pois se cadra deixou outra vez este mundo. Quizais só abriu os ollos para pechalos de novo, esta vez con máis forza aínda. Quizais o vetusto po do que estaba feito non podía prosperar coas colleitas destes nosos tempos e, despois da sorpresa inicial, despois de estremecerse ao caer na conta de que era un vivo xa morto, ao ver que non tiña afinidade ningunha coa situación actual, díxolle adeus á luz do sol definitivamente. E así, seguido polo seu protector e os abraiados aldeáns, percorreu o camiño cara á tumba onde dormiría o sono eterno no mesmo val onde tanto tempo repousou. E se cadra o doutor Hotham erixiu unha sinxela lápida sobre os seus restos enterrados por segunda vez, na que aparecía escrito:

En memoria de R. Dodsworth, inglés.
Nacido o 1 de abril de 1617
e finado o 16 de xullo de 1826
á idade de 209 anos.

Inscrición esta que, de quedar en pé durante unha grande catástrofe que provocase un novo comezo da vida no mundo, daría lugar a doutas disquisicións e enxeñosas teorías sobre unha raza que, segundo demostraría a autenticidade dos restos que dela se conservarían, acadara o privilexio de chegar a unha idade tan avanzada.

1 É dicir, o 4 de xullo de 1826. Entre o 4 e o 9 de xullo dese ano polo menos 6 xornais británicos traduciron e publicaron a reportaxe do *Journal du Commerce de Lyon* do 28 de xuño que anunciaba o descubrimento e reanimación de Roger Dodsworth.

2 Condado do norte de Inglaterra. (N. da T.)

3 Este monte atópase na actual Suíza. (N. da T.)

4 Carlos I de Inglaterra (1600-1649), fillo de Xacobe VI de Escocia e I de Inglaterra, da liñaxe dos Estuardo. Rei de Inglaterra, Escocia e Irlanda de 1625 a 1649. O seu absolutismo como rei levouno a ter grandes conflictos co parlamento e desencadeou sucesivas guerras civís que tiveron como conclusión a súa propia execución en 1649. (N. da T.)

5 Sir Anthony Vandycke (1599-1641) foi, despois de Rubens, o pintor flamenco máis importante do século XVII. Na súa extensa obra hai que destacar numerosos retratos da aristocracia europea, así como cadros de temática relixiosa e mitolóxica. En 1632 foi nomeado pintor oficial da corte de Carlos I de Inglaterra. (N. da T.)

6 Winter's Opera of the Oracle: Opera da que non dan conta os documentos da época pero que, a xulgar pola familiaridade da referencia, debeu ser popular na época en que Mary Shelley escribiu este artigo. (N. da T.)

7 Oliver Cromwell foi un firme soldado e estadista, ademais dun gran devoto do Calvinismo. Foi o gran impulsor da Commonwealth republicana de Inglaterra, Escocia e Irlanda que se instaurou en 1653 ata 1658, despois da expulsión do trono e do país da liñaxe dos Estuardo ao finalizar as Guerras Civís. (N. da T.)

8 Carlos II de Inglaterra (1630-1685), fillo de Carlos I de Inglaterra e rei de Inglaterra, Escocia e Irlanda de

1660 a 1685. Despois de anos de exilio durante a Commonwealth puritana accedeu ao trono en 1660 ata a súa morte en 1685, período coñecido como Restauración. (N. da T.)

9 Carlos Estuardo, tamén Carlos Eduardo (1720-1788) intentou sen éxito recuperar o trono británico para a familia Estuardo. (N. da T.)

10 Shakespeare, *The Passionate Pilgrim*, 1396.

11 Noll e os Cabezas peladas son os alcume que os Cabaleiros lles daban a Oliver Cromwell e os seu soldados durante as Guerras Civís inglesas (1625-49). Os Cabaleiros eran un grupo de poetas que apoiaban ao rei Carlos I durante o seu enfrontamento co parlamento. (N. da T.)

12 A capela de Saint Stephen albergou a partir de 1547 as reunións da Cámara dos Comúns, que antes se celebraban na sala capitular da Abadía de Westminster. (N. da T.)

13 Charles James Fox (1749-1806) foi o primeiro ministro de asuntos exteriores de Gran Bretaña (en 1782, 1783, 1806) pero nunca chegou a alcanzar o- éxito na súa carreira. Mantivo unha longa disputa co rei Xurxo III e foi por iso que case toda a súa carreira política discorreu na oposición, de feito só ocupou un cargo importante durante menos dun ano en total. (N. da T.)

14 George Villiers (1592-1628) convertiuse con 22 anos no favorito de Xacobe I, que o nomeou vizconde, conde de Buckingham e marqués. Suponse que mantiña unha fonda relación sentimental co rei, quen chegou a afirmar: ‘Podedes estar seguros de que amo ao conde de Buckingham máis que a calquera outro... Xesucristo tiña o seu Xoán e eu teño o meu Steenie’ (Xacobe I chamaba Steenie a Villiers polo seu parecido coa representación de San Stephen que había na Capela real). (N. da T.)

15 Richard Brinsley Sheridan, (1751-1816). Notable dramaturgo irlandés, tamén empresario, orador e político liberal. As súas obras, especialmente *The School for Scandal* (1777), conectan a comedia de costumes de finais do s. XVII con Oscar Wilde no s. XIX. Como político destacou polo seu carisma e a súa oratoria. (N. da T.)